

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO

Orde do 16 de maio 2005 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para a implantación de novas redes de telecomunicacións nos núcleos comarcais e rurais de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2005.

A internet supuxo unha revolución na economía, no ocio e nas relacións persoais, mediante a creación dunha rede de telecomunicacións mundial. As oportunidades de desenvolvemento económico e social que xa se xeraron, xunto coas previsións de crecemento asociadas ás innovacións xurdidas grazas a, e arredor de, este fenómeno, outorgáronlle gran relevancia nas planificacións estratéxicas de gobernos de todo o mundo.

A existencia da internet propiciou a posta en valor dun concepto previo máis amplo: a sociedade da información (SI) ou a sociedade do coñecemento. O efecto destes conceptos foi amplificado pola facilidade de diseminación da información que supuxo a rede de redes.

Na UE, numerosos acordos e decisións oficiais apoiaron a importancia do concepto de sociedade da información, para o que o desenvolvemento das redes que o soportan é imprescindible.

No ano 1999 publicouse a estratexia e-Europa, xunto cun marco de directivas sobre a regulación do sector das telecomunicacións. En xuño de 2000 creouse e-Europa 2002, que estableceu como prioridade para a UE que todas as rexións poidan participar no desenvolvemento da SI. Ademais, aprobouse xenericamente que fondos públicos poidan ser usados para o desenvolvemento de nova infraestrutura, sempre que se garanta o respecto polas regras de defensa da competencia.

En 2002, en Sevilla, aprobouse o plan e-Europa 2005 que erixe unha estratexia para que as redes de alta capacidade cheguen a todas as rexións do territorio europeo. O Consello Europeo pediu a todos os estados membros que no verán de 2003 existise unha estratexia nacional neste sentido en todos os Estados da UE.

En 2003 publicáronse as directrices que deben rexer o uso de fondos públicos no desenvolvemento de infraestrutura de comunicacións en zonas rurais ou non cubertas por infraestrutura adecuada.

Non obstante, e a pesar de todas estas medidas, é un feito que a SI está sendo mellor aproveitada polas economías avanzadas, tanto dentro da UE como a nivel mundial, que polas que se atopan en estados inferiores de desenvolvemento. As estratexias nacionais exixidas pola UE para 2003 non conseguiron que o territorio galego dispoña dunha cobertura

media razoable. A fenda dixital interior é unha realidade estable e que non se reduce, coa agravante de que as zonas menos cubertas adoitan ser aquelas zonas nas cales máis se necesita calquera tipo de axuda ao desenvolvemento.

Da conexión á internet por tempo típico dos anos 90 pasouse á conexión á internet permanente e por tarifa plana. Este cambio creou un novo modelo de negocio para os operadores, que lles impele a conseguir volume de usuarios xa que a cota por usuario ten un valor máximo, e ademais habilita os usuarios, residenciais e empresas, a dispoñer do seu tempo de conexión de forma ilimitada, xerando novas demandas e facendo rendibles servizos (de contidos, multimedia, etc.) que antes eran prohibitivos polo seu custo en termos de tempo de conexión.

As zonas do territorio que non dispoñan dunha conexión á internet de capacidade alta e sen límite de tempo de conexión quedan, polo tanto, en desvantaxe con respecto ás que xa gozan destes parámetros. A súa capacidade de innovación e de estar conectados diminúe proporcionalmente á calidade do servizo que reciben. O mesmo sucede naquelas zonas que teñen un servizo supostamente de alta velocidade, pero de calidade deficiente, de cobertura imprecisa ou non garantida, e con prezos máis altos que os das zonas que teñen forte competencia, é dicir, competencia en redes.

Estas zonas desconectadas e/ou debilmente conectadas correspóndense directamente coas zonas menos poboadas e de menor desenvolvemento económico da CC.AA. de Galicia. Polas súas propias características socioeconómicas, os investimentos de operadores privados nestas zonas non dispoñen dun horizonte de rendibilidade razoable e a acción pública non pode permitir un atraso tecnolóxico de gran magnitude, que pode finalmente non ser recuperable.

En Galicia existen 10.234 núcleos de poboación, no 96% destes viven menos de 500 habitantes.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, como entidade responsable do desenvolvemento da Sociedade da Información en Galicia e da adecuada distribución dos servizos de acceso á SI no territorio, impulsa esta orde como primeira fase e parte integral do proceso destinado a eliminar a fenda dixital en Galicia completa e definitivamente.

Esta orde entenderase en réxime de complementariedade á orde do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio do 17 de marzo de 2005 (Orde ITC/701/2005) na que se regulan as bases, o réxime de axudas e a xestión e se realiza a convocatoria do programa de extensión da banda ampla en zonas rurais e illadas e o seu contido axústase ás actividades incentivables establecidas no Decreto 172/2001, do 12 de xullo, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia, e no uso das facultades que me foron concedidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto desta orde é a convocatoria pública de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para o desenvolvemento dun plan de implantación ou extensión de infraestrutura e servizos de banda ampla en Galicia, mediante a selección de operadores de telecomunicacións que recibirán axuda para a implantación e explotación de nova infraestrutura de telecomunicacións (en diante, a rede).

En todo caso, para os efectos desta orde, entenderase por servizos de banda ampla os que garantan unha velocidade de transferencia de datos mínima de 512 kbps no sentido rede a usuario e de 128 kbps no sentido usuario a rede, e unha taxa de dispoñibilidade de acceso superior ó 99%.

Cada solicitante poderá propoñer a solución tecnolóxica e de negocio que considere máis adecuada, así como a súa proposta de implantación de infraestrutura de rede necesaria.

Artigo 2º.-Ámbito de aplicación.

Esta nova infraestrutura estará dividida en 3 partes: rede multioperador (R1), rede de acceso en zonas deficitarias (R2) e rede de acceso en núcleos cabeceira (R3).

1. A rede multioperador R1 é a rede troncal que permitirá reducir a barreira económica de entrada a outros operadores investidores en acceso.

2. A rede de acceso en zonas deficitarias R2 é a rede de acceso á banda ampla en zonas ou localizacións que carecen de rede fixa de prestación de servizos de banda ampla.

3. A rede de acceso en núcleos cabeceira R3 é a rede de acceso á banda ampla en localizacións que non corresponden a zonas deficitarias.

Co fin de respectar os principios de neutralidade tecnolóxica e acceso aberto a todos os operadores que o desexen, os proxectos presentados deberán considerar os seguintes requisitos tecnolóxicos mínimos da rede:

* A rede contará cun centro xeral de explotación, que será o responsable da relación cos usuarios, Administración pública e operadores de acceso. O centro xeral de explotación poderá estar situado fóra da rede.

* A red R1 contará cunha estrutura xerárquica de nodos, conectados con fibra óptica, con polo menos un punto de presenza en cada concello, como garantía do investimento efectuado e da súa neutralidade tecnolóxica.

* As redes R2 e R3 poderán ser de calquera natureza, pero esta deberá estar completamente detallada na oferta do solicitante.

No caso de concellos de tamaño ou poboación moi reducida, o solicitante poderá agrupalos en zonas de despregamento de alcance superior. Neste caso, deberá indicarse detalladamente na proposta do solicitante, xunto coa xustificación da decisión nos termos mencionados.

A nova infraestrutura de telecomunicacións estará condicionada:

1. Á diminución da barreira de entrada de operadores investidores en acceso local a través da prestación dun servizo de transporte de telecomunicacións para aqueles operadores de acceso que creen a súa propia rede en cada concello. A rede creada será aberta aos demais operadores para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público en condicións de subministración similares a outras redes abertas do mercado. Para tal efecto, o proxecto deberá conter compromiso en que figuren, explicitamente, as condicións para facilitar o acceso aberto á infraestrutura subvencionada en condicións de subministración de equidade.

2. A creación pola súa propia conta dunha nova rede de acceso para a prestación de servizos avanzados da sociedade da información, respectando en todos os treitos subvencionados os principios de neutralidade tecnolóxica e acceso aberto nos mercados residenciais e empresa.

Artigo 3º.-Definición dos servizos mínimos exixidos.

A rede deberá ser capaz de prestar un conxunto variado de servizos a diferentes tipoloxías de usuarios. Ademais, a rede deberá ser capaz de evolucionar no tempo, para acomodar os servizos prestados ás crecentes necesidades dos usuarios finais.

Definíronse cinco tipos de usuarios finais:

- 1) Servizos prestados á Administración pública.
- 2) Servizos prestados a outros operadores de acceso.
- 3) Servizos prestados a usuarios finais de tipo residencial.
- 4) Servizos prestados a usuarios finais de tipo empresa.
- 5) Servizos prestados a usuarios finais rurais dispersos.

As características destes servizos detállanse no anexo II.

Artigo 4º.-Definición dos proxectos obxecto da axuda.

Os operadores solicitantes deberán presentar un plan de despregamento para a cobertura dos núcleos de poboación dos concellos de Galicia que inclúa na súa correspondente proposta. Cada núcleo de poboación está composto de unidades conectables, definidas como aquelas localizacións inmoebles físicas horizontais ou verticais susceptibles de dispoñer dun enderezo postal independente.

O conxunto mínimo de núcleos de poboación cuberto en cada concello está constituído polos núcleos de máis de 500 unidades conectables. Para os efectos desta orde non se poderán atender aquelas áreas nas cales xa exista competencia de redes e non se poida considerar, polo tanto, que existen fallos de mercado.

O plan de despregamento poderá alongarse no tempo ata un máximo de 3 anos.

O solicitante poderá ofertar melloras da cobertura xeográfica en termos de aceleración no tempo do plan de cobertura ou de incorporación de núcleos de menor tamaño aos definidos.

Consideraranse como integrantes do proxecto investidor subvencionable aquelas actuacións que teñan por obxecto a creación da rede.

Artigo 5º.-Aplicacións orzamentarias.

Para a concesión das axudas propias das actuacións que se convocan e que terán a modalidade de subvención, destinaranse os créditos globais correspondentes á aplicación orzamentaria que se indica denominada infraestruturas para o desenvolvemento das tecnoloxías da información e as comunicacións, coa seguinte distribución:

	2005	2006	2007	Total
08.03.712-B.775.0	9.000.000 €	15.000.000 €	15.000.000 €	39.000.000 €
	9.000.000 €	15.000.000 €	15.000.000 €	39.000.000 €

Artigo 6º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das axudas os explotadores de redes e prestadores de servizos de comunicacións electrónicas, a título individual ou baixo calquera forma de agrupación empresarial en que participen, sempre que teña personalidade xurídica propia.

Entenderanse por explotadores de redes e prestadores de servizos de comunicacións electrónicas os operadores que debidamente rexistrados conforme a Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións e ás disposicións transitorias que poidan ser de aplicación, estean en poder da clasificación empresarial adecuada, ben directamente, ben mediante os acordos formalmente establecidos con outros operadores, para o desenvolvemento do plan de infraestrutura e prestación de servizos obxecto desta convocatoria.

Os beneficiarios deberán reunir os requisitos que fundamentan a concesión así como os demais que se prevén nesta orde. Non poderán obter a condición de beneficiario aqueles en que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 13º da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. A acreditación de non estar incurso nas ditas circunstancias realizarase mediante declaración responsable do interesado, sen prexuízo do establecido no artigo 12º desta orde.

Artigo 7º.-Gastos subvencionables.

Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral

de subvencións, consideraranse investimentos e/ou gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidada respondan á natureza da actividade subvencionable e se realicen dentro do prazo establecido no artigo 11º desta orde.

Consideraranse subvencionables os investimentos en infraestruturas e equipamento necesarios para a creación da rede.

Consideraranse investimentos subvencionables e/ou gastos subvencionables os realizados e que sexan efectivamente pagados dentro do prazo de finalización do período de xustificación da anualidade correspondente.

O importe das subvencións reguladas nesta orde non poderá en ningún caso ser de tal contía que supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, de ser o caso, a porcentaxe máxima subvencionable establecida.

Todo iso para os efectos do disposto nos artigos 10º e 12º desta orde.

Artigo 8º.-Criterios de valoración.

Os criterios de valoración que servirán de base para a determinación de preferencia na concesión e contía das axudas, relacionadas por orde decendente de importancia, serán os seguintes:

1. O alcance, magnitude e viabilidade do plan de investimentos propio, así como o seu impacto socioeconómico e a capacidade de efecto motor en novas tecnoloxías na área obxecto da axuda. Deberá valorarse este criterio en función do posible maior custo que puidera ter ou atender determinadas áreas.

2. O grao de cobertura dos municipios definidos, número de núcleos, entidades singulares de poboación e habitantes beneficiarios do proxecto.

3. Calidade e sustentabilidade proxectada do plan de negocio da infraestrutura creada.

4. A solvencia técnica, económica e comercial do solicitante, en relación co territorio e a demanda que se vai cubrir.

5. As garantías de neutralidade tecnolóxica e acceso aberto da rede multi-operador.

6. O menor prazo para o despregamento da oferta, e a calidade proposta do despregamento de rede.

7. Custo mínimo para a consecución do obxectivo de máxima cobertura en todo o territorio da comunidade autónoma. O custo mínimo dun proxecto será valorado a través do indicador subvención equivalente media solicitada por acceso contratado, calculado como o cociente entre a subvención neta equivalente solicitada e o número total de accesos potenciais cubertos.

8. A oferta de servizos adicionais de uso xeral ou para colectivos específicos: oferta de servizos, facilidades e prezos de transporte a operadores de acceso; oferta de servizos e prezos a usuarios finais e oferta de servizos e prezos á Administración pública incluída no plan de despregamento.

9. Solución tecnolóxica, grao de definición do proxecto e prestacións técnicas do servizo ofrecido, que en calquera caso deberán ser iguais ou superiores ás establecidas no artigo 3º. Valorarase especialmente o compromiso de mellorar as prestacións técnicas de tal forma que estas se adapten á situación de mercado maioritaria en cada momento. Terase en conta a escalabilidade da infraestrutura ofrecida, de modo que esta poida adaptarse facilmente á prestación de novos servizos que demanden maior largo de banda.

Artigo 9º.-Subcontratación das actividades subvencionadas polos beneficiarios.

A subcontratación de actividades realizarase de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

O beneficiario poderá subcontratar, total ou parcialmente, a execución do proxecto sempre que isto non aumente o custo do proxecto subvencionado.

Os contratistas quedarán obrigados só ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución do proxecto subvencionado fronte á Administración.

Nos casos en que o beneficiario opte por subcontratar, total ou parcialmente, a execución do proxecto, deberá achegar, xunto coa documentación xustificativa da realización do proxecto, unha declaración responsable, dun representante válido da empresa contratada, de non atoparse dentro dos supostos de exclusión que se contemplan no artigo 29.7º da Lei xeral de subvencións.

Artigo 10º.-Contía das axudas.

As axudas poderán alcanzar, con carácter xeral, unha contía máxima non superior ao 40% do investimento subvencionable do proxecto.

O importe das axudas e os correspondentes investimentos financiados que hai que xustificar serán fixados no proceso de avaliación das solicitudes, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias e atendendo aos criterios de avaliación establecidos e á solvencia económica do solicitante. A subvención total limitarase ao estritamente necesario para que a actuación sexa viable.

Artigo 11º.-Ámbito temporal e actuacións plurianuais.

Unicamente serán obxecto de axuda os investimentos que se desembolsen con data posterior á presentación da solicitude.

O plan de despregamento poderá alongarse no tempo ata un máximo de tres anos.

Pola súa natureza, concederase subvención plurianual ao superar o exercicio 2005. Para isto estableceranse os correspondentes compromisos de gasto dentro dos límites establecidos pola lexislación vixente, de conformidade co prazo de execución dos investimentos, aténdose ao disposto, para os efectos oportunos, no artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Para as actuacións plurianuais entenderase que os investimentos realizados desde a data límite de xustificación do exercicio corrente, segundo dispón o artigo 19º desta orde, ata o final do ano corresponderán á anualidade seguinte e, polo tanto, poderanse presentar para o cobramento desa anualidade.

Artigo 12º.-Prazo de presentación de solicitudes e documentación.

A presentación de solicitudes poderase realizar nun prazo de 40 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

A solicitude e demais documentación dirixida ao conselleiro de Innovación, Industria e Comercio presentarase no rexistro xeral dos servizos centrais da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, no das delegacións provinciais da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As ditas solicitudes presentarase, conforme o anexo I que se achega, e irán acompañadas da seguinte documentación por triplicado exemplar (orixinal ou copia compulsada e unha copia simple, máis outra copia adicional en soporte electrónico).

A) Documentación administrativa:

1. Documentación acreditativa da constitución ou modificación inscrita, se é o caso, no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose exixible conforme a lexislación mercantil aplicable. Se non o fose, escritura ou documentación de constitución, estatutos ou acto fundacional, en que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial. Nestas normas deberá estar incluído o obxecto social.

2. Documento acreditativo do código de identificación fiscal.

3. Documento acreditativo do poder de representación de quen asine a solicitude.

4. DNI do representante legal que asina a solicitude.

5. Declaración responsable de non estar incurso nalgunha das causas das exclusións que se sinalan nos puntos 2º e 3º do artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, do 17 de novembro, segundo o anexo I desta orde.

6. Certificados acreditativos de estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Non será necesario presentalos se o beneficiario autorizou expresamente no anexo I da solicitude para que os seus datos tributarios coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e a Consellería

de Economía e Facenda así como a Seguridade Social, sexan obtidos por esta consellería.

7. Xustificación de solvencia que se acreditará mediante algún dos seguintes documentos.

-Económica e financeira:

-Informe de institucións financeiras ou, se é o caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

-Presentación das contas anuais ou extracto destas no suposto de que a súa publicación sexa obrigatoria.

-Declaración relativa á cifra de negocios global e dos servizos ou traballos realizados polo solicitante no curso dos tres últimos exercicios.

-Se por razóns xustificadas non se puidesen facilitar as referencias solicitadas, poderase acreditar por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

-Técnica:

-Declaración responsable do solicitante na que se detalle a experiencia do solicitante relativa á implantación ou extensión de infraestruturas e servizos de banda larga de características técnicas similares ás que son obxecto nesta orde nos últimos 3 anos.

8. Inscricións rexistradas derivadas do artigo 7 da Lei 32/2003.

9. Declaración responsable do representante legal da entidade solicitante sobre obtención de axudas e subvencións obtidas ou solicitadas en calquera outra administración, organismo ou ente público ou privado para a realización dos proxectos presentados.

B) Documentación técnica e económica:

Incluirá os seguintes puntos, orzamentos e correspondentes compromisos de execución, de acordo co que se define a continuación:

1. Compromisos de execución, que inclúen:

-Área xeográfica á que se estende o proxecto.
-Compromiso de atención da demanda na área xeográfica obxecto da actuación.

-Número de usuarios finais potenciais cuxa demanda de acceso de banda ampla quedará cuberta pola infraestrutura que se vai construír.

2. Plan tecnolóxico do proxecto, de acordo co especificado nesta orde: requisitos técnicos da rede, con xustificación das alternativas elixidas (análise de factibilidade e de oportunidade) e do cumprimento dos servizos mínimos exixidos.

3. Plan de negocio (PN), que sustente a construción e explotación da rede, incluíndo:

-Análise económica (previsións sobre a contribución do proxecto ao desenvolvemento económico da zona á que vai dar servizo).

-Plan de investimentos propio, incluíndo a totalidade do proxecto (redes: R1, R2 e R3), con identificación, descrición e custo dos distintos elementos do proxecto asignados a cada elemento de rede.

-Plan de ingresos e custos directos do servizo.

-Subvención que se solicita, anualizada para os anos 2005-2007.

-Plan de negocio resultante, estendido como mínimo ao período 2005-2007, no que se terá en conta a axuda solicitada.

-O PN deberá estar suxeito ás seguintes condicións:

* O PN poderá establecer unha achega pública, cun máximo de 9 M€ na anualidade de 2005 e 15 M€ en 2006 e 2007, respectivamente, en concepto de subvención aos investimentos necesarios para a construción da rede.

* O PN deberá incluír todas as exixencias de cobertura e servizos mencionados neste prego.

* O PN deberá recoller de forma individualizada cada mercado e a penetración de cada un dos servizos definidos na proposta do solicitante.

* O PN non poderá recoller ingresos asociados a operadores de acceso. O PN deberá especificar o investimento privado.

* O máximo total admisible para a achega pública nos tres anos da vixencia da orde será de 39 M€.

* A achega pública estará sempre en relación co custo medio de investimento de cada unidade inmobiliaria conectable. Este custo non poderá ser superior a 1.200 €.

4. Descrición do sistema de contabilidade, que proporcione a necesaria transparencia para permitir a verificación dos investimentos e do PN, así como a compatibilidade da subvención coas normas sobre competencia.

5. Compromiso de interconexión, no cal se establezan os termos e condicións do proxecto para facilitar aos demais operadores o acceso aberto ás infraestruturas subvencionadas en condicións de subministración non-discriminatorias.

6. Os operadores beneficiarios deberán garantir que executará un proxecto de despregamento mínimo aínda no caso de que o PN non consiga os ingresos previstos. O despregamento mínimo está constituído polos compromisos expresados polo beneficiario para os tres primeiros anos.

A Administración non adquire ningún compromiso sobre a rendibilidade do plan de negocio presentado por cada beneficiario, este será o único responsable da súa viabilidade e continuidade.

Artigo 13º.-Emenda de solicitudes.

Se se advirte a falta dalgún dos documentos indicados no artigo anterior, hai deficiencias no seu con-

tido ou é necesaria algunha aclaración, requirirase a entidade solicitante para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixera, teráselle por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada, de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A comprobación da existencia de datos non axustados á realidade, tanto na solicitude como na memoria ou na documentación achegada, poderá comportar, en función da súa importancia, a denegación da subvención solicitada.

A presentación da solicitude supón a aceptación expresa e formal, por parte da entidade solicitante, de todos os requisitos contidos nesta orde.

Artigo 14º.-Instrución e avaliación das solicitudes.

O órgano xestor do programa, competente para a instrución do procedemento de concesión de axudas, será a Dirección Xeral de Tecnoloxía e Desenvolvemento Sectorial, que realizará de oficio cantas actuacións coide necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe pronunciarse a proposta de resolución.

Co obxecto de cumprir o principio de concorrencia competitiva, conforme co disposto no artigo 3.1º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, as solicitudes serán examinadas por unha comisión de valoración que se axustará aos preceptos contidos no título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Esta comisión estará constituída polos seguintes membros:

* Presidente: o director xeral de Tecnoloxía e Desenvolvemento Sectorial da Consellería de Innovación, Industria e Comercio.

* Catro vogais: un subdirector xeral da Dirección Xeral de Tecnoloxía, un representante da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, un representante da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e un representante da Consellería de Economía e Facenda, designado por proposta da consellería correspondente.

* Secretario: un funcionario da Dirección Xeral de Tecnoloxía e Desenvolvemento Sectorial, que asistirá ás súas reunións con voz, pero sen voto.

Esta comisión, tendo en conta os criterios de avaliación establecidos, emitirá un informe razoado no cal se concrete o resultado da avaliación efectuada.

O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe de avaliación emitido, formulará a proposta de resolución motivada.

Artigo 15º.-Resolución.

Á vista da proposta de resolución, o conselleiro de Innovación, Industria e Comercio ditará a resolución que proceda, motivada, con indicación do obxecto e importe do proxecto subvencionado, a porcentaxe de axuda concedida e a contía desta así como as cantidades outorgadas con cargo aos orzamentos de exercicios posteriores. A dita resolución poderá establecer condicións técnicas e económicas de obrigada observancia para a realización do proxecto.

Sen prexuízo dos recursos que procedan, os beneficiarios das axudas deberán aceptalas no prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa notificación. En caso contrario, entenderase que renuncia á axuda concedida e procederase de conformidade co establecido no artigo 42.1º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A aceptación da axuda formalizarase mediante un documento asinado polo beneficiario no cal se comprometa a cumprir todas as condicións establecidas nesta orde e, de ser o caso, na resolución de concesión.

O prazo máximo para resolver e notificarlles aos interesados a resolución expresa será de seis meses a partir do día seguinte ao que finalice o prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do citado prazo, sen que se notifique a resolución expresa, léxítima ao interesado para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

A resolución de concesión será publicada no *Diario Oficial de Galicia* con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiarios, cantidades concedidas e finalidades da subvención.

Artigo 16º.-Modificación da resolución.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Cando por circunstancias técnicas varíe o contido específico dos investimentos ou actuacións recollidas no proxecto inicial e as ditas variacións incidan no investimento subvencionable, o beneficiario deberá solicitar a modificación que proceda.

A conformidade expresa da Consellería de Innovación, Industria e Comercio ás mencionadas modificacións requirirá informe favorable da Dirección Xeral de Tecnoloxía e Desenvolvemento Sectorial, e só será outorgada cando non alteren significativamente o proxecto inicial e se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade desta orde.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de ter concorrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda.

Artigo 17º.-Obrigas dos beneficiarios.

1. Os beneficiarios das axudas quedan obrigados de acordo co disposto no artigo 78.4º do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro:

a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamente a concesión de subvención.

b) Acreditar, ante a entidade concedente e no prazo sinalado, a realización da actividade ou a adopción do comportamento que fundamente a axuda así como dos requisitos ou condicións que determinen a concesión da axuda.

c) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, así como antes das correspondentes propostas de pagamento, que se atopa ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma. No caso de que as actuacións descritas no parágrafo segundo do artigo 12.A.6 dera como resultado que o solicitante ou o beneficiario ten débedas requirirase o solicitante ou beneficiario para que regularice a súa situación e presente por si mesmo o correspondente certificado.

d) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que corresponde á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa axuda concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e, se é o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

e) Comunicarlle á entidade concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os xustificantes orixinais e o resto da documentación relacionada coa axuda outorgada durante un período de cinco anos desde a súa concesión.

h) Dar a adecuada publicidade de carácter público do financiamento.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos recollidos no número 10º do artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

2. Con independencia do anterior os beneficiarios da subvención quedan obrigados a:

a) Abrir a rede creada aos demais operadores para a prestación de servizos ao usuario final en condicións de subministración similares a outras redes abertas do mercado. Para tal efecto, o proxecto deberá conter compromiso no cal figuren, explicitamente, as condicións para facilitar o acceso aberto á infraestrutura subvencionada en condicións de subministración de equidade.

b) Realizar unha campaña divulgativa, supervisada pola Administración, en relación cos novos servizos entre os potenciais usuarios.

c) Crear unha aplicación web con acceso restrinxido en que deberá constar a información actualizada de todos os ítems do proxecto (orzamentarios, técnicos, estado de execución, previsións e datas de posta en servizo, etc.) necesarios para o correcto seguimento en tempo real de avance do proxecto.

d) Crear un programa de difusión que conterà, polo menos, unha aplicación web informativa, xornadas e sesións de difusión pública sobre o alcance do proxecto.

e) Presentar a documentación e informes técnicos e económicos que xustifiquen a realización do proxecto ou actuación obxecto da axuda, así como os prazos nos cales se debe xustificar a realización do proxecto ou actuación obxecto da axuda concedida. Nos casos en que a resolución de concesión da axuda o requira explicitamente, o beneficiario deberá presentar un informe realizado por un auditor ou empresa de auditoría inscrita no Rexistro Oficial de Auditores de Contas.

f) Expresar nas súas referencias ao proxecto, calquera que sexa a súa natureza e tipoloxía, que este foi apoiado pola Xunta de Galicia; Consellería de Innovación, Industria e Comercio; Dirección Xeral de Tecnoloxía e Desenvolvemento Sectorial.

Artigo 18º.-Concesión de anticipos e constitución de garantías.

Poderanse conceder anticipos de ata o 50% da subvención concedida para a correspondente anualidade, a aqueles beneficiarios que obtivesen axudas para as actividades definidas no artigo 4º naqueles casos en que o investimento exixa pagamentos inmediatos, de acordo co establecido no artigo 16.2º.3 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

O prazo para solicitar o anticipo será dun mes a partir do día seguinte á data de recepción da notificación de concesión da subvención.

A concesión do anticipo farase por resolución motivada desta consellería, que será notificada para que nun prazo de 15 días a partir desta notificación presenten o xustificante acreditativo da constitución da garantía mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca e que ten que ser depositado na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia, segundo se establece no artigo 17 do mencionado Decreto 287/2000; todo isto sen prexuízo das demais condicións específicas que se recollen nesta orde e as que, se é o caso, se inclúan na resolución.

O importe da garantía deberá cubrir o importe do anticipo xunto cos xuros deste calculados ao tipo de xuro legal do diñeiro vixente no momento de concesión e polo prazo que medie entre a data de presentación da solicitude do anticipo e como mínimo aquela en que se cumpran dous meses desde o final do prazo de xustificación da anualidade para a que se concedeu o anticipo.

A garantía será liberada unha vez xustificada e comprobada a realización do investimento ou a actividade obxecto de axuda.

Artigo 19º.-Xustificación do investimento.

O beneficiario terá de prazo ata o 2 de decembro, inclusive, da anualidade que corresponda.

Para o libramiento de cada anualidade, o beneficiario deberá presentar nos servizos centrais da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, a documentación xustificativa da realización do investimento que fose obxecto de subvención. Poderá tamén presentarse a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Esta documentación xustificativa, sen prexuízo do establecido no artigo 15 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, que se presentará por triplicado exemplar (orixinal ou copia compulsada e unha copia simple, máis outra copia adicional en soporte electrónico), constará dos seguintes documentos:

- a) Solicitude de libramiento da axuda.
- b) Memoria na cal se describa a realización do investimento e os datos e incidencias máis significativas que haxa na súa execución.
- c) Xustificantes de realización do proxecto: os investimentos realizados xustificaranse mediante as facturas en relación cos investimentos subvencionables, levadas a cabo segundo o previsto no artigo 11 e sen exceder a data límite de xustificación de cada anualidade que determina este artigo. As referidas facturas irán acompañadas de todos aqueles documentos que xerasen para a súa emisión o provedor ou a súa aceptación polo beneficiario (cer-

tificacións de obra, cadros resumo, orzamentos, adendas a contratos, planos, etc), e que non formen parte do expediente de subvención por non terse incorporado con anterioridade.

d) Xustificantes dos pagamentos: admitindo como tal transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pagamento realizado entre a data de inicio do proxecto e a data límite de xustificación, na cal queden claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento.

e) Táboa resumo de investimentos realizados das cales se presenta xustificación, con identificación numerada e secuencial de cada un dos documentos de xustificación económica. Esta táboa deberá presentarse na copia adicional en soporte electrónico cun formato de folia de cálculo.

f) Declaración de axudas obtidas ou solicitadas para o mesmo investimento en calquera outra administración, organismo ou ente público ou privado.

g) Certificación expedida pola entidade bancaria de titularidade de conta onde se debe realizar o pagamento, en que conste a razón social e CIF da empresa así como o código de banco, código de sucursal, díxito de control e código de conta corrente.

h) Certificados acreditativos de estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega. Non será necesario presentalos se o beneficiario autorizou expresamente no anexo I da solicitude para que os seus datos tributarios coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Consellería de Economía e Facenda así como coa Seguridade Social sexan obtidos por esta consellería.

i) Xustificante acreditativo de depósito, ao ser unha subvención plurianual en que o seu importe total supera os 30.050,61 euros, na Caixa Xeral de Depósitos, do seguro de caución prestado pola entidade aseguradora ou aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca que garanta o importe da anualidade da que se estea tramitando o pagamento, así como os seus correspondentes xuros (xuro legal do diñeiro indicado na Lei de orzamentos do Estado que estea vixente nese momento), por un prazo que deberá alcanzar como mínimo ata os dous meses seguintes á finalización do prazo de xustificación da última das anualidades da subvención.

j) Calquera outro documento que se requira durante a tramitación do expediente para a verificación do proxecto.

Artigo 20º.-Pagamento das axudas.

A percepción da axuda terá lugar unha vez que os servizos técnicos da Consellería de Innovación, Industria e Comercio verifiquen a documentación xustificativa de cumprimento da realización do proxecto subvencionado e dos requisitos e condicións establecidos para a súa concesión.

Así mesmo, ao ter a condición de subvención ao capital superior aos 60.101,21 euros, destinadas a investimentos en activos tanxibles, o órgano xestor correspondente emitirá informe de comprobación material do investimento. Excepcionalmente, dada a natureza do proxecto, esta comprobación material poderá substituírse por unha xustificación documental, que constate de forma razoable e suficiente a realización da actividade subvencionada, tal e como recolle o artigo 15.3º o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Procederá a minoración da subvención concedida cando o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto.

Artigo 21º.-Incompatibilidades.

As axudas previstas nesta orde serán incompatibles con calquera outra pública ou privada, nacional ou estranxeira.

Artigo 22º.-Reintegro da axuda.

Non se poderá exixir o pagamento da axuda concedida e procederá o reintegro total ou parcial da contía percibida xunto cos xuros de demora percibidos desde o seu pagamento nos supostos recollidos no número 10º do artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

O procedemento de reintegro tramitarase de acordo co establecido no artigo 20 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

As cantidades que os beneficiarios deban reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público e será de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 ao 23 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 23º.-Fiscalización e control.

A concesión das axudas reguladas nesta orde estará sometida ao exercicio da función interventora e do control financeiro por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos establecidos no capítulo V do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, no seu caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 24º.-Réxime sancionador.

As infraccións administrativas cometidas en relación coas axudas e subvencións reguladas nesta orde

sancionaranse de conformidade co disposto no artigo 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e no capítulo VII do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Artigo 25º.-Réxime de recursos.

As resolucións, expresas ou presuntas, dos expedientes tramitados ao amparo do disposto nesta orde esgotarán a vía administrativa e contra elas caberá:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Innovación, Industria e Comercio no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo sexa o caso.

b) Ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

E todo isto sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, se é o caso, calquera outro que consideren procedente.

Artigo 26º.-Normativa aplicable.

Con independencia do disposto nesta orde, haberá que a terse ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificado polo artigo 12 da Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo; o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia; o Decreto 172/2001, do 12 de xullo, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; a Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

Disposición derradeira

Única.-Facúltase o director xeral de Tecnoloxía e Desenvolvemento Sectorial para que dite as disposicións necesarias para a aplicación do disposto nesta orde.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2005.

Juan Rodríguez Yuste
Conselleiro de Innovación, Industria e Comercio

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
 INDUSTRIA E COMERCIO

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA A IMPLANTACIÓN DE NOVAS REDES DE TELECOMUNICACIÓNS EN NÚCLEOS COMARCAIS E RURAIS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN520B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA		ACRÓNIMO	
DOMICILIO			CIF/NIF
CÓDIGO POSTAL	MUNICIPIO	PROVINCIA	Nº DE REXISTRO INDUSTRIAL
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	FAX	CORREO ELECTRÓNICO
SECTOR INDUSTRIAL	ACTIVIDADE PRINCIPAL		
ANO DE CONSTITUCIÓN	PERSOAL INDEFINIDO	PERSOAL EVENTUAL	CNAE

E, na súa representación legal:

APELIDOS	NOME	DNI
<i>Para o caso de representación mancomunada, datos do 2º representante</i>		
APELIDOS	NOME	DNI

DATOS DO INVESTIMENTO E CONTÍA SOLICITADA

INVESTIMENTO TOTAL QUE SE VAI REALIZAR	INVESTIMENTO ANO 2005	INVESTIMENTO ANO 2006	INVESTIMENTO ANO 2007
SUBVENCIÓN TOTAL SOLICITADA	SUBVENCIÓN ANO 2005	SUBVENCIÓN ANO 2006	SUBVENCIÓN ANO 2007

DOCUMENTACIÓN QUE PRESENTA O SOLICITANTE OU IDENTIFICA EN PODER DA CONSELLERÍA

FORMULARIOS DA SOLICITUDE.	
DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA CONSTITUCIÓN OU MODIFICACIÓN INSCRITA NO REXISTRO MERCANTIL OU NO CORRESPONDENTE REXISTRO OFICIAL.	
COPIA DO CIF NIF.	
DOCUMENTO PÚBLICO DO PODER CO QUE ACTÚAN O/S SOLICITANTES.	
FOTOCOPIAS DO S DNI.	
ACREDITACIÓN DE NON ESTAR INCURSO NAS PROHIBICIÓNS DO ART. 13º DA LEI 38/2003.	
CERTIFICADOS ACREDITATIVO DE ESTAR AO DÍA NAS OBRIGAS TRIBUTARIAS ESTATAIS. COA SEGURIDADE SOCIAL E DE NON TER DÉBEDAS COA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA.	
XUSTIFICACIÓN DA SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA.	
INSCRICIÓNS REXISTRAIS DERIVADAS DA LEI 32/2003 E, SE É O CASO, DA LEI 34/2002.	
DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE OBTENCIÓN DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS.	
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA E ECONÓMICA.	

LEXISLACION APLICABLE <i>Orden do 16 de maio de 2005 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para a implantación de novas redes de telecomunicacións nos núcleos comarcais e rurais de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2005.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOAS QUE O REPRESENTEN, E SELO DA EMPRESA _____ de _____ de 2005

(Para cubrir pola Administración)	
RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
	____ / ____ / ____
	DATA DE ENTRADA
	____ / ____ / ____
	DATA DE EFECTOS
	____ / ____ / ____
	DATA DE SAÍDA
	____ / ____ / ____
REVISADO E CONFORME	

DATOS ECONÓMICOS DA EMPRESA

RAZÓN SOCIAL	CIF
--------------	-----

CAPITAL SOCIAL E COMPOSICIÓN ACCIONARIAL (NA DATA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE)

CAPITAL SOCIAL (€): _____

RELACIÓN DE ACCIONISTAS PRINCIPAIS		
NOME OU RAZÓN SOCIAL	NACIONALIDADE	%
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
TOTAL (DEBE SUMAR O 100%, OS ACCIONISTAS MINORITARIOS PÓDENSE AGRUPAR BAIXO O NOME DE <i>OUTROS ACCIONISTAS</i>)		_____

TITULARIDADE DO CAPITAL (%)

NACIONAL PRIVADO: _____ PÚBLICO: _____	ESTRANXEIRO U.E.: _____ RESTO: _____	TOTAL
---	---	-------

EMPRESAS FILIAIS OU PARTICIPADAS

RAZÓN SOCIAL	ACTIVIDADE PRINCIPAL	%	PAÍS
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____

PRINCIPAIS PRODUTOS, LIÑAS DE PRODUTOS OU ACTIVIDADES DA EMPRESA NO ÚLTIMO EXERCICIO

PRODUTOS / LIÑAS	PRODUCCIÓN TOTAL (INDICAR TIPO DE UNIDADES)	FACTURACIÓN TOTAL (ASOCIADA AO PRODUTO)
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

ACTIVIDADES DO PERSOAL DA EMPRESA SOLICITANTE

PERSONAL DA EMPRESA (Nº DE PERSOAS A 31 DE DECEMBRO)	2004
DIRECCIÓN E ADMINISTRACIÓN	_____
PRODUCCIÓN	_____
I+D	_____
CALIDADE	_____
AMBIENTE	_____
VENDAS/COMERCIAL	_____
OUTROS	_____
TOTAL	_____

RELACIÓN CONTRATUAL DO PERSOAL

RELACIÓN CONTRATUAL	INDEFINIDO	EVENTUAL	TOTAL
PERSOAL	_____	_____	_____

INDICADORES DO ÚLTIMO EXERCICIO ECONÓMICO (A 31 DE DECEMBRO DE 2004)

GASTOS EN XESTIÓN DE CALIDADE	_____
GASTOS EN I+D+I	_____
GASTOS AMBIENTAIS	_____
INVESTIMENTO ANUAL EN INFRAESTRUTURAS DE TELECOMUNICACIÓN	_____
IMPORTE NETO DA CIFRA DE NEGOCIOS (FACTURACIÓN)	_____
CASH-FLOW (RESULTADO EXERCICIO + DOTACIÓN AMORTIZACIÓN)	_____
TOTAL ACTIVO	_____
FONDOS PROPIOS	_____